



BANDO DE ALCALDÍA

FRANCISCO CAJOTO CASERÍO, ALCALDE - PRESIDENTE DO CONCELLO DE FOZ,

FAGO SABER:

Ante a incidencia do COVID-19 (coronavirus) e unha vez analizadas as recomendacións e as decisións adoptadas polo Ministerio de Sanidade e a Xunta de Galicia, o Concello de Foz tomará as seguintes medidas preventivas, que afectan ao funcionamento dos servizos públicos, por un período inicial de 14 días, dende o 14 ao 28 de marzo:

- Quedan pechados ao acceso ao público os seguintes centros municipais:
 - Centro de Día de Foz
 - Escola de Música Arcadio Mon
 - Casa da Cultura
 - Centro de Interpretación de San Martiño de Mondoñedo
 - Pavillón de Marzán
 - Campo de Fútbol de Malates
 - Piscinal Municipal
 - Casa da Xuventude
 - Centro de Interpretación da Mariña (CENIMA)
 - Sala Bahía
 - Salas de usos múltiples do Edificio de Asuntos Sociais
 - Roupeiro municipal
- Quedan aprazadas / suspendidas as seguintes actividades promovidas polo Concello:
 - Actividades e cursos socioculturais
 - Comida dos Maiores do 21 de marzo
 - Bailes dos domingos do Bahía
 - Escolas Deportivas Municipais
 - Actividades programadas do Mes da Muller
 - Xornada de entrega e difusión de composteiros
 - Exposición Somos migrantes, abrimos camiños
- Recoméndase ás distintas asociacións que suspendan aquelas actividades nas que prevean un aforo elevado.

O Concello de Foz quere enviar unha mensaxe de tranquilidade ás veciñas e veciños do municipio e roga se atendan ás indicacións das autoridades sanitarias. O teléfono de información é o 900.400.116: se presentan a sintomatoloxía da enfermidade deben poñerse en contacto co 061 e non acudir aos centros de saúde. As autoridades sanitarias recomendan evitar os contactos físicos e unha adecuada hixiene.

O que se fai público para o seu xeral coñecemento e cumprimento,

Foz, a 12 de marzo de 2020


Fdo. Francisco Cajoto Caserío

